

CANTIGAS E CONTOS DOS NÓSOS AVÓS



OS GALOS

Cantan os galos o día,
reló dos enamorados.
Mozos que andades de noite
non vos collan descoidados.

PUN-PUN

- Pun pun
- ¿Quen é?
- Son eu
- Entra, Xan
- Entra burro con licencia.
- Mira, María, ao que veño,
veño e o que digho, digho,
¿Quéreste casar comigo?
- Mira, Xan, estouche moi
comprometida, e as túas pa-
labras son palabras de can.


Adiós, Xan.

- ¿Fuches á voda?
- Fun que non fora.
- ¿Era boa moza?
- Pois coma todas.

O GATO

¿De quen é aquela sombra
que pasea no balcón?
E o ghatto do veciño
que asala o ratón.
Traijo muchas tierras vistas,
desde aquí a Aragón,
e nunca vin un ghatto
de botas e pantalón.

INFORMANTE: MULLER DE 87 ANOS
LUGAR DE RESIDENCIA: BALTAR
RECOLLIDA POR: FRANCISCO JOSÉ SEJAS
REGUEIRO, B1C



AS VELLAS ROMARÍAS

Cando os nosos anciáns eran novos, tiñan outras maneiras de divertirse diferentes ás nosas. Aínda que daquelas non había pubs nin discotecas, eles divertíanse doutro xeito. Segundo os meus avós, algún día quedaban todos xuntos nunha casa e poñíanse a cantar e a bailar as cancións que estaban de moda na súa época. Unha das cancións que se cantaban era a de "Non teño idade para verte". Moitas cousas cambiaron ata o de agora, pero a finalidade disto era a mesma, pasar un bo anaco cos amigos, familiares, etc, e tamén, como non, botarlle unhas gargalladas e desconectar do mundo do traballo.

Os típicos bailes que había daquela eran: a rumba, o tango, a muiñeira, pasodobres, etc., en cambio agora é moi distinto e un dos bailes máis chamativos é o "Regatón".





CANTIGAS E CONTOS DOS NOSOS AVÓS



Algunhas das cancións
que cantaban os nosos avós
cando eran novos eran:

- Xa fun eu á mariña a pes-
car e pesquei...

- Adeus a Pamplona
que é a miña Navarra.
Adeus a Pamplona
que marchou mañana

- En Asturias non se fai
o de pedir a filla ao pai,
pasa vostede para a cuadra
¿Esta cucha cuanto custa?

- A Virxe da Castañeda
ten un vestido moi feito,
que llo fixo a de Randal
un día que tiña xeito.

- O gato metido nun saco

- Ai, Pepiño, adeus

- O carballo da Portela
ten a folla revirada,
que lla revirou o aire
unha mañá de xeadá.

- O paxaro de María
anda nas miñas cereixas,
come, paxariño, come
veremos as que me deixas.

- A raíz do toxo verde

- Eu teño un canciño
miña nai ten tres,
e o máis pequeno
vai no San Andrés.

RECOLLIDO POR: DANIEL MATO, B1C

REFRÁNS SOBRE O TEMPO SEGUNDO O MES

Xaneiro:

A un vilán, danlle un pé e toma tamén a man.
Se dous cans rifan contra un lobo, cómeno todo.

Febreiro:

O amigo e o tempo mudan segundo vai o vento.
Amigo e viño, mellor canto máis antigo.

Marzo:

Cando chove e vai vento, pecha a porta e métete dentro.
Chuvia no mar e vento na ría, auga para todo o día.

Abril:

O abril e o maio son as chaves de todo o ano.
Abril frío e mollado, enche o celeiro e farta o gando.

Maio:

Maio hortelán dá moita folla e pouco pan.
No tempo do cuco, na mañá me mollo e na tarde me enxugo.

San Xoán:

Trouleemos neste San Xoán, que o que vén só Deus sabe
os que troulearán.
Cazadores, xastres e zapateiros son os máis mentireiros.

Santiago:

Cando o camiñante vende a bota, ou sabe a pez ou está rota.
Cando canta a tixola, sinal de que hai encherola.

Agosto:

A chuvia no agosto, non é chuvia que é mal mosto.
A castaña no agosto quere beber, e no setembro comer.

Setembro:

En setembro, ou secan as fontes ou leva as pontes.
Se queres ter mel, castra a colmea polo San Miguel.

Outubro:

Nin casa á beira do río, nin viña ao pé do camiño.
Algo lle falta ao viño, se non ten agulla do caíño.

Novembro:

Se queres facer unha boa caña, has de dar unha boa maña.
Por Santos, xa neve nos altos, polo Santo Andrés, neve
nos pés.

Nadal:

Pola Santa Lucía, tan longa é a noite como o día.
Se matas o porco polo nadal, non o saiban as túas amizades,
pero se o mata o veciño procura topalo no seu camiño.

NATALIA PENAS MATO, B1C